

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL


Xullo 2023

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2023

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia, rexistrou en xullo de 2023 unha caída do 2% con respecto a xullo de 2022; en España o descenso foi do 1,8%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 11,5%, os bens de equipo aumentaron un 9,2% e os bens intermedios aumentaron un 6,4%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 14,4%.
- Por ramas de actividade a achega positiva mais destacable corresponde á "fabricación de vehículos de motor", que achega 3,7 puntos a taxa interanual.
- No que respecta ás repercusións negativas, as principais foron: "confección de roupa de vestir", que resta 2,1 puntos e "fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado" e "industria da alimentación", que restan 1,5 e 1,4 puntos respectivamente a taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2023



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en xullo de 2023 unha caída do 2% con respecto a xullo de 2022; en España o descenso foi do 1,8%.

Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo diminuíron un 11,5%, os bens de equipo aumentaron un 9,2% e os bens intermedios aumentaron un 6,4%. Pola súa parte, a enerxía decreceu un 14,4%.

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un descenso do 11,5%, e restan 3,4 puntos a taxa interanual.
- Os **bens de equipo** aumentan o 9,2% e suman 2,3 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** rexistran unha taxa do 6,4%, cunha repercusión de 1,8 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que diminúe un 14,4%, restando 2,6 puntos á taxa de variación interanual do total.

Comparando cos crecementos interanuais de xuño de 2023, por destino económico, os bens de consumo empeoran 7,4 puntos, os bens de equipo e os bens intermedios melloran 1,4 puntos e 18,6 puntos respectivamente e a enerxía empeora 6,8 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

Atendendo ás distintas ramas industriais o descenso interanual en xullo do 2% débese principalmente ás achegas negativas (-9 puntos) de trece ramas. As principais foron: "confección de roupa de vestir", que resta 2,1 puntos e "fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado" e "Industria da alimentación", que restan 1,5 e 1,4 puntos respectivamente a taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas (7 puntos) de trece ramas, a principal foi a "fabricación de vehículos de motor", que suma 3,7 puntos e, en menor medida, "outras industrias extractivas", que achega 2 puntos a taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de xullo moveuse entre o 5,5% de Aragón e o -13,3% de Murcia. Ademais da devandita, presentan variacións interanuais superiores á media estatal: Castilla y León (4,7%), Castilla - La Mancha (3,6%), Extremadura (3,1%), Madrid (3,1%), Canarias (2,9%), Cataluña (0,7%), Navarra (0,5%) e Illes Balears (-0,7%).

IPI Xullo 2023


Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores incrementos rexístranse en Canarias (6,3%), Madrid (4,6%) e Castilla y León (4,6%). As comunidades con maiores descensos son Murcia (-10,1%) e Asturias (-5,1%).

4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C, D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xullo 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	95,9	-2,0	3,6	--	--
Bens de consumo	113,7	-11,5	-2,3	-3,4	-0,7
Bens de equipo	102,5	9,2	14,8	2,3	3,5
Bens intermedios	114,5	6,4	-3,9	1,8	-1,1
Energía	56,2	-14,4	10,3	-2,6	1,8
España					
Xeral	107,4	-1,8	-0,1	--	--
Bens de consumo	108,6	0,0	0,9	0,0	0,2
Bens de equipo	113,4	6,0	6,4	1,3	1,4
Bens intermedios	107,0	-2,3	-2,9	-0,7	-0,9
Energía	100,4	-10,9	-4,4	-2,4	-0,9

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xullo 2023

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderación
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-2,0		3,6		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	32,2	3,7	30,6	3,6	13,1
Outras industrias extractivas	117,9	2,0	54,9	0,9	1,1
Fabricación de bebidas	6,9	0,4	6,6	0,3	3,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	17,5	0,2	20,3	0,2	1,4
Industria química	7,7	0,1	-6,3	-0,1	1,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	2,1	0,1	-18,3	-1,1	3,6
Industria téxtil	17,0	0,1	0,9	0,0	0,6
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	2,7	0,1	7,4	0,2	4,1
Fabricación doutro material de transporte	4,7	0,0	14,8	0,1	2,0
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1,0	0,0	11,7	0,3	2,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-1,8	-0,1	-0,7	0,0	2,0
Outras industrias manufactureiras	-30,5	-0,3	-17,7	-0,1	0,5
Industria do papel	-17,2	-0,3	-9,8	-0,2	2,2
Fabricación de mobles	-15,1	-0,3	-5,7	-0,1	1,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-14,2	-0,5	-2,5	-0,1	2,6
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-17,7	-0,6	-27,3	-1,1	5,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-7,1	-0,6	-4,5	-0,4	7,7
Industria da alimentación	-8,8	-1,4	-4,9	-0,8	13,2
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire	-12,9	-1,5	16,1	2,1	22,3
Confección de roupa de vestir	-33,7	-2,1	3,7	0,3	4,1
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xullo 2023

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	107,4	-1,8	-0,1
Galicia	95,9	-2,0	3,6
Andalucía	101,3	-8,1	-3,3
Aragón	115,5	5,5	1,3
Asturias	97,6	-7,2	-5,1
Balears (Illes)	110,5	-0,7	-0,3
Canarias	99,9	2,9	6,3
Cantabria	93,2	-11,4	-3,8
Castilla - La Mancha	111,6	3,6	2,5
Castilla y León	92,1	4,7	4,6
Cataluña	110,1	0,7	-0,2
Comunitat Valenciana	109,9	-6,4	-2,3
Extremadura	113,0	3,1	0,2
Madrid	119,9	3,1	4,6
Murcia	119,6	-13,3	-10,1
Navarra	102,5	0,5	-1,9
País Vasco	105,4	-5,9	-2,0
Rioja (La)	81,4	-8,0	-3,7

Fonte: INE